



(Secretaría)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
(PONTEVEDRA)

CERTIFICADO DE SECRETARÍA

Lucía Artime Alonso, Secretaria do Excmo. Concello da Estrada, **CERTIFICO** que, con data 20 de abril de 2015, foi tratado pola Xunta de Goberno Local o seguinte Asunto:

26º.- DACIÓN DE CONTA DA ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 13-04-2015 DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DO EXPEDIENTE "CONCESIÓN DEMANIAL DE ONCE POSTOS NO NOVO MERCADO DESTE CONCELLO". Dáse conta da Acta da sesión da Mesa de Contratación de 13-04-2015 do procedemento de contratación do expediente "Concesión demanial de once postos no novo Mercado deste Concello", e que se transcribe de seguido:

"ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 13 DE ABRIL DE 2015 DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DO EXPEDIENTE "CONCESIÓN DEMANIAL DE ONCE POSTOS NO NOVO MERCADO DESTE CONCELLO"

Na sala de Xuntas do Excmo. Concello da Estrada, reúnese a Mesa de contratación do procedemento de contratación da "CONCESIÓN DEMANIAL DE ONCE POSTOS NO NOVO MERCADO DESTE CONCELLO", sendo as 12:30 horas do día 13 de abril de 2015.

Asistentes:

- Presidente: Óscar Durán Barros, por delegación do Sr. Alcalde.
- Vocal: Enrique Ponte Clares (Arquitecto)
- Vocal: Daniel Órrea Corral (Arquitecto Técnico)
- Vocal: Ana Vigo Fariña, Interventora do Concello
- Vocal: Lucía Artime Alonso, Secretaria do Concello.
- Funcionaria de Secretaría: Mª Josefa Martínez Barros, que actúa como Secretaria da Mesa.

Tódalas decisións adoptadas pola Mesa o foron por unanimidade.

Polo Presidente indícase que tal e como se acordou na reunión celebrada pola Mesa o día 10 de abril, na que se procedeu á apertura do sobre B (criterios non avaliábles mediante fórmulas) e de conformidade co establecido no Prego de cláusulas Administrativas Particulares pasóuselle o expediente aos técnicos municipais, que ademais formaban parte da Mesa como vogais Sr. Ponte Clares e Sr. Órrea Corral, para que efectuasen un informe-valoración das ofertas presentadas e que resultaron admitidas a esta licitación.

Constan no expediente os informes-valoración, que unha vez efectuada a media das puntuacións outorgadas por ámbolos dous técnicos, obtense o seguinte resultado:

Dña. Montserrat Fernández Búa, 17 puntos.
Dña. Mª del Carmen Ríos Verde, 12,00 puntos.

Dna. Raquel Touceda Matalobos, 8,00 puntos.

Seguidamente a Mesa procece á apertura do sobre C que contén a “Oferta económica”, de cada unha das licitadoras, co seguinte resultado:

-Dna. Montserrat Fernández Búa, fai unha oferta en primeiro lugar polo posto nº 5 por un importe de 99 € mensuais, (O tipo de licitación é de 96,50 euros/mes).

-Dna. M^a del Carmen Ríos Verde, solicita en primeiro lugar o posto nº 10 por un importe de 232,05 euros/mensuais. (O tipo de licitación é de 178,5 euros/mes).

-Dna. Raquel Touceda Matalobos fai unha oferta en primeiro lugar polo posto nº 10 por un importe de 182,07 puntos. (O tipo de licitación é de 178,5 euros/mes) e en segundo lugar solicita o posto nº 11 cunha oferta de 173,00 euros, coincidente co tipo de licitación.

Polo tanto a Mesa, de conformidade co estipulado no prego de cláusulas administrativas procede a efectuar a valoración das propostas económicas que sumadas á puntuación outorgada á documentación que contiña o sobre B, obtense o resultado final que a continuación se desglosa:

Dna. Montserrat Fernández Búa,

<u>CONCEPTO</u>	<u>PUNTUACIÓN</u>
-Proxecto e actividades a realizar no posto:	17 puntos.
-Oferta económica.....	87 puntos.

Dna. M^a del Carmen Ríos Verde,

<u>CONCEPTO</u>	<u>PUNTUACIÓN</u>
-Proxecto e actividades a realizar no posto:	12 puntos.
-Oferta económica.....	70 puntos.

Dna. Raquel Touceda Matalobos

<u>CONCEPTO</u>	<u>PUNTUACIÓN</u>
-Proxecto e actividades a realizar no posto:	8 puntos.
-Oferta económica (posto nº 10).....	54,92 puntos.
-Oferta económica (posto nº 11).....	0 puntos.

A Mesa dado que houbo dúas licitadoras que se interesaron en primeiro lugar polo posto nº 10 e unha vez vistas as valoracións feitas sobre a proposta económica de cada unha delas, acorda adxudicar o mesmo á licitadora que fixo a oferta economicamente máis vantaxosa para o Concello e que resultou ser a de Dna. María del Carmen Ríos Verde.

En canto a Dna. Raquel Touceda Matalobos acórdase adxudicarlle o posto nº 11 que foi solicitado pola interesada en segundo lugar.

Como consecuencia e de conformidade co exposto anteriormente a Mesa realiza ó órgano de contratación a correspondente Proposta preliminar de adxudicación do xeito que a continuación se detalla:

1º.- Adxudicar o posto nº 5 a Dna. Montserrat Fernández Búa, por un importe mensual de 99,00 euros. Non obstante, previamente á adxudicación definitiva, a licitadora, no prazo máis breve posible, e non máis alá de 10 días hábiles, deberá aportar:

a) Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b) Xustificante de alta no IAE no epígrafe correspondente e último recibo de pagamento (se é o caso).

c) Póliza de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 150.000 euros orixinal ou fotocopia compulsada (a que presenta atópase sen compulsar) e certificado acreditativo, pola entidade aseguradora, de que se atopa ao corrente dos pagamentos.

d) Carnet de manipulador de alimentos orixinal ou fotocopia compulsada (a que presenta atópase sen compulsar).

e) Xusfitecante acreditativo de ter constituída a garantía definitiva, en calquera das formas previstas

artº 96 do RD Lexislativo 3/2011 e consonte co establecido na cláusula décima do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

2º.- Adxudicar o posto nº 10 a Dna. Mª del Carmen Ríos Verde, por un importe de 232,05 euros mensuais. Non obstante, previamente á adxudicación definitiva, a licitadora, no prazo máis breve posible, e non máis alá de 10 días hábiles, deberá aportar:

a) Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b) Xustificante de alta no IAE no epígrafe correspondente e último recibo de pagamento (se é o caso).

c) Certificado acreditativo pola entidade aseguradóra de que se atopa ao corrente dos pagos da póliza de responsabilidade civil.

d) Orixinal ou fotocopia compulsada do carne de manipulador de alimentos.

e) Xustificante acreditativo de ter constituída a garantía definitiva, en calquera das formas previstas artº 96 do RD Lexislativo 3/2011 e consonte co establecido na cláusula décima do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

3º.- Adxudicar o posto nº 11 a Dna. Raquel Touceda Matalobos, por un importe de 173,00 euros ao mes. Non obstante, previamente á adxudicación definitiva, a licitadora, no prazo máis breve posible, e non máis alá de 10 días hábiles, deberá aportar:

a) Xustificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias e para coa Seguridade Social.

b) Xustificación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente e último recibo de pagamento (no seu caso).

c) Orixinal ou copia compulsada da póliza de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 150.000 euros, así como do certificado acreditativo pola entidade aseguradora de que se atopa ao corrente dos pagamentos.

d) Orixinal ou fotocopia compulsada do carne de manipulador de alimentos.

e) Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas artº 96 do RD Lexislativo 3/2011. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

Realizados estes labores, levántase a sesión da Mesa de Contratación ás trece horas do día do seu comezo.”

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

E para que conste, e aos efectos legais oportunos, expido a presente de orden e co visto e prace do Sr. Alcalde, na Estrada a vinte e un de abril de dous mil quince/



Vº Pr.

O ALCALDE,

José C. López Campos



A SECRETARIA.,

Lucía Artime Alonso

